


Testimonios de pilotos para escribir de ovnis

LIBRO *Ovnis* (Ediciones Urano) es la investigación periodística más seria que se ha realizado sobre este fenómeno y lectura obligada para cualquier persona que tenga la mente abierta y quiera conocer mejor los hechos para sacar luego sus propias conclusiones. Para realizar este libro, la periodista Leslie Kean ha pasado diez años leyendo información confidencial desclasificada, y ha entre-



vistado a pilotos, generales y funcionarios con participación en distintos niveles en relación con el fenómeno OVNI. **REDACCIÓN**

Volve 'Cociñando na fin do mundo', o documental que "transmite Galicia"

GRUPO NOVE *Cociñando na fin do mundo*, o documental que "transmite Galicia" e a súa nova cociña, volve a casa tras un periplo que arrincou coa súa estrea na 63 edición do Festival Internacional de Cinema de San Sebastián. Fíxolle recalar noutra importante cita audiovisual en Málaga e abriulle as portas en Australia, Taiwán ou diversos países de América. Este mes de maio, varios

pases nos auditorios de Afundación de Vigo e A Coruña darán aos espectadores a oportunidade de ver, desde a terra que viu nacer o proxecto, este retrato de Galicia que penetra, mediante a gastronomía, no fráxil equilibrio entre tradición e modernidade. Este "pequeno documental independente", cos cociñeiros do Grupo Nove e outros actores relevantes do tec-

do gastronómico, facilitou ao seu director, o vigués Alberto Bamonde, cumprir un soño e estreir en San Sebastián un proxecto meditado e que ten detrás un importante traballo de investigación. Tamén lle outorgou outros recoñecementos, como o Premio Álvaro Cunqueiro de xornalismo gastronómico. **E.P.**



MARTES
02 DE MAYO DE 2017

EL CORREO GALLEGO

TENDENCIAS | 33

Antón Patiño percorre nunha conferencia a figura de Maruja Mallo

Terá lugar hoxe, ás 20.00 horas, na Real Academia Galega de Belas Artes

A Coruña. A Real Academia Galega de Belas Artes (Ragba) celebrará hoxe a conferencia *Maruja Mallo: arte da vida*, dentro das súas actividades do ciclo Martes das Artes.

O artista visual e vicepresidente do Círculo de Bellas Artes de Madrid, Antón Patiño (Monforte, 1957), ofrecerá a conferencia ás 20.00 horas.

A Ragba homenaxeou no Día das Artes Galegas 2017 á pintora surrealista Maruxa Mallo (Viveiro, 1902 - Madrid, 1995) cun acto en Viveiro o pasado 1 de abril.

Segundo explica Patiño, a pintura de Maruja Mallo ocupa un espazo singular e reflicte as tendencias da modernidade nunha atmosfera preto do "realismo máxico" ou "nova obxectividade", estética que tivera moita difusión nos anos vinte a través das teses de Fran Roh.

No ciclo das *Verbenas*, o artista sinala que aparecen ingredientes "populistas" mesturados cun aroma poscubista.

Despois desta primeira xornada pictórica basea-

Fai un repaso desde as súas primeiras obras ata a viaxe ao espazo sideral

Elaborou o guión do documental 'Maruja Mallo, metade anxo, metade marisco'



O artista Antón Patiño. **VZ**

da nas festas e romarías, Patiño considera que brota unha etapa ao redor de *Cloacas e campanarios*, unha inmersión no substrato mineral e telúrico dos arrabaldes, na liña das exploracións da chamada Escola de Vallecas coa que colaborou o escultor Alberto Sánchez e o poeta Miguel Hernández.

Na intensa relación que estableceu Mallo con Rafael Alberti, Patiño sinala que se fala dunha auténtica ósmosis creativa.

Na entrega última da súa obra figura viaxar ao espazo cósmico. *Moradores do baleiro* e *Viaxeiros do éter* son as obras finais. "Fusióna ciencia, relixión ou símbolos nun persoal collage creativo. Unha curiosidade insaciable leva a Mallo nesta última etapa a esotéricas aventuras interestelares", destaca Patiño, que foi o guionista do documental *Maruja Mallo, metade anxo, metade marisco*, dirixido por Antón Reixa.

Antón Patiño, que formou parte do grupo Atlántica, realizou exposicións individuais en galerías e museos de Amsterdam, Estocolmo, New York, París, Burdeos, Zürich ou Stuttgart. **REDACCIÓN**

A RAG pon en marcha un certame para os escolares

A institución difundirá os traballos dos centros de Infantil e Primaria que participen en 'Contádenos o voso Día das Letras'

MARÍA ABASCAL
A Coruña

Primavera das Letras (primaveradasletras.gal), o proxecto web da Real Academia Galega dirixido aos nenos de ata 12 anos, pon en marcha o certame Contádenos o voso Día das Letras, un novo espazo de participación aberto a todos os centros escolares de Galicia de Infantil e Primaria para que amosen como celebran o 17 de maio dedicado a Carlos Casares.

As iniciativas que concursen serán compartidas en primaveradasletras.gal, onde xa están dispoñibles en aberto dezasete actividades interactivas, fichas didácticas e fichas para colorear arredor da vida e da obra de Casares.

Cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos que desexe, tanto con aqueles que poidan implicar o conxunto da comunidade escolar coma con outros de aula, curso, etapa, etcétera.

MÁIS ACTIVIDADES INTERACTIVAS. A través de Primavera das Letras, o profesorado de Infantil e Primaria, os pais e nais e os propios nenos poden acceder a propostas didácticas para se mergullar no universo literario e vital do protagonista do Día das Letras.

O proxecto web naceu en 2016 procurando un enfoque interdisciplinario



Primavera das Letras ofrece cinco fichas didácticas arredor da vida e obra de Casares

que permita traballar non só aspectos lingüísticos e literarios, senón tamén contidos e competencias de coñecemento do medio natural e social, historia ou educación artística empregando como eixes a vida e a obra da persoa homenaxeada.

Tras a estrea centrada en Manuel María, este ano Primavera das Letras reforza a oferta de actividades de carácter interactivo e ofrece unha ducia deste tipo.

A paixón polos trens do escritor; as paisaxes vitais e literarias de Xinzó de Limia, o Val Miñor ou Escandavia; o mundo máxico d'*O Principiño*, obra que Carlos Casares verteu do francés ao galego e da que

coleccionou moitas de traducións; as aventuras de *Lolo anda en bicicleta* e *O Can Rin* e o lobo *Crispín* ou a historia d'*Un polbo xigante* serven de fio condutor dalgunhas das doce actividades interactivas dispoñibles en primaveradasletras.gal.

Tamén se ofrecen dous encrucillados sobre a vida de Carlos Casares, na que se profunda no apartado Fichas Didácticas.

A galiña azul e os demais títulos do autor dirixidos ao público infantil centran outra das propostas neste espazo, que ofrece ademais para os cativos e cativas de menor idade fichas para colorear distintos personaxes.

PROXECTOS

'MAIL' Cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos que desexe. Deben enviar as ligazóns correspondentes ás súas iniciativas ao correo electrónico [contacto@primaveradasletras.gal](mailto:primaveradasletras.gal). Se non contan con páxina web ou blog, poden remitir o material a este mesmo enderezo electrónico.

TEMPO O prazo de recepción permanecerá aberto durante toda a primavera, ata o vindeiro 21 de xuño.